

IDENTIFICACIÓN EN GANDO OVINO CABRÚN



IDENTIFICACIÓN EN GANDO OVINO CABRÚN

1.- O QUE VOSTEDE TEN QUE CUMPRIR

REQUISITO 1.- Comunicar en prazo á Consellería do Medio Rural e do Mar os movementos de entrada e saída da explotación.

REQUISITO 2: Que os animais estean identificados segundo establece a normativa.

REQUISITO 3: Ter o libro de rexistro da explotación correctamente cumprimentado, coincidindo os seus datos cos animais presentes na explotación, e conservándoo polo menos durante tres anos.

REQUISITO 4: Conservar a documentación relativa á orixe, identificación e destino dos animais que posúa, transporte, comercialice ou sacrifique.

Normativa Comunitaria de referencia (segundo Regulamento (CE) 73/2009)

[Regulamento \(CE\) 21/2004](#), polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies ovina e cabrúa.

- Artigos 3, 4 e 5: Comprobar a correcta identificación e rexistro do gando ovino-cabrún.

Normativa Nacional de referencia (segundo o [Real Decreto 486/2009](#))

[Real Decreto 685/2013](#), polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies ovina e cabrúa

[Real Decreto 479/2004](#), polo que se establece e regula o Rexistro xeral de explotacións gandeiras.

[Real Decreto 728/2007](#), polo que se establece e regula o Rexistro xeral de movemento de gando e o Rexistro xeral de identificación individual de animais.



2.- PARA CUMPRIR ESTAS OBRIGAS, VOSTEDE DEBERÁ

1. Recoller as marcas de identificación con numeración individual na Oficina Agraria Comarcal (OAC). Se o desexa, tamén pode traballar cunha entidade identificadora autorizada.
2. Colocar as marcas nos animais que vaia a criar nun prazo máximo de seis meses a partir do seu nacemento. Se vende os animais antes desa idade, deben saír da explotación xa identificados.
3. Das dúas marcas das que consta cada xogo recollido, colocar a marca de plástico na orella dereita, e a marca electrónica na orella esquerda do animal.
4. Declarar os datos dos animais identificados, a través da Oficina Agraria Virtual (<http://emediorural.xunta.es/oav>), ou ben chamando ao teléfono de atención ao cidadán (012). Se traballa cunha entidade identificadora, esta realizará a declaración.
5. No caso de animais destinados ao sacrificio antes dos 12 meses de idade, pode identificalos cunha única

marca, colocada na orella esquerda do animal, na que figure o código da súa explotación. Esta marca debe ser adquirida por vostede.

6. No caso de perda dunha das marcas, solicitar o correspondente duplicado a través da Oficina Agraria Virtual (OAV), chamando ao teléfono de atención ao cidadán (012), ou ben a través dunha entidade identificadora autorizada.
7. No caso de entrada ou saída dalgún animal na explotación, notificalo a través da OAV, chamando ao 012, ou na OAC, no prazo de 7 días dende o movemento.



IDENTIFICACIÓN EN GANDO OVINO CABRÚN

8. Anotar no libro de rexistro os animais nados, as entradas e saídas de animais da explotación e as mortes, coas datas nas que ocorreron. Tamén debe anotar no libro o balance de reprodutores, cada vez que varíe o seu número.
9. No caso de desaparición dalgún animal, notifícalo na OAC. Se algún animal morreu, e no momento da recollida do cadáver non proporcionou o número de identificación, tamén debe comunicar este na OAC.
10. Se algún animal con marca con numeración antiga a perde, identifícalo coas novas, e comunícalo na OAC, para que o cambio de marca quede rexistrado na base de datos e no libro de rexistro.
11. Conservar sempre a documentación dos animais que compre ou venda (guía, documento de traslado, documento de cualificación sanitaria...).
12. Gardar o libro de explotación ata tres anos despois de ter vendidos os animais.
13. Comunicar, antes do 1 de marzo de cada ano, o censo total de animais, por especie, mantidos na explotación a día 1 de xaneiro, de acordo ás seguintes categorías de animais:

- Non reprodutores de menos de catro meses.
- Non reprodutores de catro a 12 meses.
- Reprodutores machos.
- Reprodutores femias.

Pode facer esta comunicación do censo a través da OAV, no 012, ou na OAC.



IDENTIFICACIÓN EN GANDO OVINO CABRÚN



3.- LEMBRE QUE:

No caso de que vostede non cumpra con algunha das obrigas da condicionalidade ou se non colaborara cos inspectores da Consellería do Medio Rural e do Mar, poden reducirse ou mesmo anularse as axudas da PAC que percibe.

INFORMACIÓN ADICIONAL

Para acceder á Oficina Agraria Virtual, precisa un número de identificación persoal, que se lle facilitará na Oficina Agraria Comarcal.

No caso de necesitar máis información respecto á condicionalidade pode solicitala nas Oficinas Agrarias Comarcais ou nos Servizos Provinciais de Gandería da Consellería do Medio Rural e do Mar.

Tamén dispón de información sobre a condicionalidade en http://www.medioruralemar.xunta.es/nc/es/fogga/politica_agraria_comun/condicionalidad/ ou na Oficina Agraria Virtual (<http://emediorural.xunta.es/oav>).

IDENTIFICACIÓN EN GANDO OVINO CABRÚN



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR